

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia pecha as súas portas o domingo, 14 de outubro, coa previsión de abrir de novo a finais de maio do vindeiro ano

Dende o mes de agosto recibiu 1.341 visitas, dende madrileños ata malaisianos, israelís, australianos ou neozelandeses

Acaba de integrarse na Asociación Ibérica de Casas Museo

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2012 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia, a vella pensión de estudantes que inmortalizou Pérez Lugín na súa novela, pecha as súas portas o domingo, día 14. **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, entidade responsable do museo, prevé que poida abrir de novo a finais de maio do vindeiro ano.

O museo abriu o pasado 31 de xullo e, dende entón, recibiu **1.341 visitantes**. Destes, **279 son estranxeiros**, que representan o 20% do conxunto das visitas. O 80% restante, un total de 1.062, proceden de diferentes puntos da xeografía española. Dos galegos, os composteláns (285) son os que máis se achegan a coñecer a casa, cunha proporción superior a anos anteriores.

Os visitantes máis numerosos doutras comunidades son os madrileños, un total de 205; séguenlles os cataláns (95), os andaluces (84) e os valencianos (61). Os europeos que máis visitan o museo son, en primeiro lugar, os británicos (39), logo os franceses (36), os italianos (27) e os alemáns (17). Do continente americano destacan os arxentinos (25), os mexicanos (20) e os norteamericanos (17). De Asia acudiron visitantes xaponeses, de Corea do Sur, China, Malaisia e Israel. En canto ao continente oceánico, houbo representación de Australia e Nova Zelandia. No relativo ás idades dos visitantes, a maioría das persoas que se achegan a coñecer o museo sitúase entre os 45 e os 64 anos.

Benigno Amor manifesta que “é unha mágoa que non poidamos manter aberta a casa durante todo o ano, así nolo transmiten tamén os hostaleiros e comerciantes da zona, pero temos que axustarnos á situación económica”. Salienta, por outro lado, que o museo acaba de integrarse na Asociación Ibérica de Casas Museo e Fundacións de Escritores, unha iniciativa na que participan entidades de diferentes comunidades autónomas e tamén de Portugal.

O museo aínda estará aberto ata o vindeiro domingo pola mañá. Os interesados poden aproveitar esta fin de semana longa para achegarse á casa, onde ademais permanece a exposición de ilustracións sobre a novela, polas mañás en horario de 11:00 a 14:00 horas e polas tardes de 16:00 a 20:00 horas.